

**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**  
**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA – IGAPE**

ANUNCIO DO INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA POLO QUE SE ACORDA O ALLEAMENTO, POLO PROCESO DE POXA PÚBLICA, DE DIVERSOS BENS INMOBLES DE TITULARIDADE DO IGAPE SITUADOS NOS CONCELLOS DE VILARGARCÍA DE AROUSA E LUGO.

Ás 10 horas do día 14 de marzo de 2023 terá lugar na sala de xuntas do Instituto Galego de Promoción Económica (IgaPe), situado no Edificio Administrativo IgaPe no barrio de San Lázaro en Santiago de Compostela, ante a mesa presidida pola xerente, coa asistencia dun letrado da Asesoría Xurídica, un representante da Intervención Xeral, un representante da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública e un/a empregado/a público/a da Subdirección de RR.HH. e Xestión Administrativa do IGAPE, que actuará como secretario/a, a poxa pública dos bens inmobles patrimoniais do Instituto Galego de Promoción Económica que se describen a seguir e dos que foi acordado o seu alleamento mediante Resolución do director xeral do 3 de xaneiro de 2023.

**LOTE 1.- NAVE SITA EN VILAXOAN (VILAGARCÍA DE AROUSA) - PONTEVEDRA**

Natureza da finca: nave industrial

Datos rexistrados: finca rexistral nº 14.661. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa: Tomo 891, Libro 309, Folio 67, Alta 20. IDUFIR: 360210001025248. Municipio: Vilagarcía de Arousa. Natureza da finca: urbana, nave.

Referencia Catastral: 6947601NH11640001IO 6947601NH1164N0002OP

Localización: Rúa Veiga do Mar, nº 39 (Vilaxoán) Vilagarcía de Arousa. Código Postal 36611.

Superficie: 13.219 m<sup>2</sup>. Superficie construída: 2.971,29 m<sup>2</sup>

Lindeiros: Norte, camiño; Sur, herdeiros de Alfonso Ozores; Este, Ramón Tourís; e Oeste, praia mar.

Descrición: terreo no que existen dúas naves:

- Unha nave de superficie de 1.631,29 m<sup>2</sup>
- Unha nave de superficie de 1.300 m<sup>2</sup>
- Unha casiña duns 40 m<sup>2</sup>, de planta baixa e
- Un transformador

Poxa mínima: 320.000€

Tramos da poxa: 1.000€

**LOTE 2.- CONXUNTO DE NAVES INDUSTRIAIS SITAS EN MAZOI (LUGO)**

Natureza da finca: Conxunto de naves industriais



Datos Rexistrals: Finca rexistral 104.120, inscrita no Rexistro da Propiedade nº1 de Lugo, tomo 1552, libro 1113, folio 152.

Referencia Catastral: 27900A342004210000UE 27900A342004210001IR

Localización: Lugar Barcia, polígono 342, parcela 421, Sta Eulalia de Mazoi, Lugo. Código Postal 27290.

Superficie Terreo: 26.837m<sup>2</sup>

Superficie construída 5.759m<sup>2</sup>

Poxa mínima: 127.700€

Tramos da poxa: 1.000€

Para tomar parte na poxa é requisito indispensable consignar o 20% da cantidade sinalada como tipo de licitación do ben ante a mesa, ou acreditar que se depositou tal cantidade na conta do Igape na entidade ABANCA, con núm. ES83 2080 0388 2731 1000 0584.

Serán por conta dos adxudicatarios os custos dos anuncios, así como os orixinados pola adxudicación e formalización da escritura pública de venda; os demais gastos e impostos derivados da transmisión será de aplicación conforme o disposto na lei.

O prego de condicións que rexe o presente alleamento está a disposición dos interesados na Subdirección de RR.HH e Xestión Administrativa do Igape, no edificio Igape, Barrio de San Lázaro s/n, Santiago de Compostela, así como na páxina web do Igape no enderezo: [www.igape.es](http://www.igape.es).

Teléfonos de información: 900815151 e 981541151.

Santiago de Compostela, na data da firma electrónica  
Fernando Guldrís Iglesias  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

INSÍRASE  
A XERENTE DO IGAPE

Patricia Villajos Grande

